Cerastium diffusum Pers., 1805

- forquitela do mar
- cerastio
- loko-belar
-
- clammy chickweed, fourstamen chikweed, sea mouse-ear
- cerástio-difuso, orelha-de-rato-difusa



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Caryophyllales**	**Caryophyllaceae**	***Cerastium***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta herbácea anual con talos de 3-25 cm de longo, erectos ou ascendentes, a miúdo ramificados e florecendo dende a base, con abundantes pelos glandulares curtos. Follas de ata 20 mm de longo, ovaladas ou oval-lanceoladas, pilosas. Inflorescencias xeralmente máis longas có resto do talo, con pólas desiguais. Pedicelos case sempre erectos debaixo da flor, frecuentemente con numerosos pelos retrorsos. Flores tetrámeras e pentámeras mesturadas, raramente todas tetrámeras ou todas pentámeras. Pétalos xeralmente iguais ou máis curtos có cáliz. Froito capsular algo máis estreito por debaixo dos dentes. Sementes de 0,4-0,6 mm. Florece de marzo a xullo.

HÁBITAT

Medra principalmente en ecosistemas costeiros, especialmente en dunas secundarias e terciarias ou esteiros, pero tamén en zonas salinas do interior e prados de montaña. Prefire solos soltos, areosos e silíceos. Aparece entre o nivel do mar e os 1500 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Europa occidental e meridional, norte de África e Asia Menor. Noroeste da Península Ibérica.

CURIOSIDADES

É moi variable en porte e pilosidade. Os exemplares de zonas costeiras ou subhalófilas do interior son máis robustos e ramificados cós de zonas montañosas.